

## NOTA Á SEGUNDA EDICIÓN

De acordo co previsto cando no mes de abril de 2011 publicamos o dossier *Lois Pereiro. Achegas críticas*, preséntase agora unha segunda edición ampliada que incorpora unha parte significativa da relevante produción crítica dedicada ao autor con motivo da celebración do Día das Letras.

Loxicamente, os textos e arquivos sonoros e audiovisuais que agora se integran no dossier distan de significar unha totalidade. Acaso nin sequera constitúan unha mostra por completo representativa dos moitos contributos e novas perspectivas que neste semestre compareceron no espazo público a través de diferentes medios e formatos, entre eles por suposto as monografías sobre Pereiro e a súa obra.

Un capítulo especial é o constituído polos encartes e suplementos en prensa, publicados como adoito arredor da data do 17 de maio. Entre os anexos desta segunda edición figuran os suplementos específicos de *El Ideal Gallego*, *Faro de Vigo* e *Xornal de Galicia*. Son aos que o equipo de *poesiagalega.org* tivo acceso por se ofreceren polas empresas editoras con acceso libre na rede e/ou aqueles para os que se obtivo autorización expresa para a súa posta a disposición pública na base de datos do proxecto. O propósito que guía esta actualización é por tanto o de abrir algo máis o conxunto das lecturas e testemuños sobre o poeta monfortino, cumprindo así co anunciado en abril.

As outras novidades incorporadas nesta segunda edición do dossier atinxen o debate representado no xornal *Novas da Galiza* entre Isaac Lourido (2011) e Mauro Silva (2011) sobre a nominación de Lois Pereiro para o Día das Letras, outro artigo do propio Lourido (2010) sobre as perspectivas abertas pola escolla do poeta monfortino, unha achega de Fermín Bouza (2011) co título “Coa lembranza dos momentos compartidos”, un comentario de Arturo Casas (2011) sobre o poema “Elexía a un espírito irmán. Pasatempo por orde alfabética”, así como o catálogo da exposición *Desembarco dos 80. Cando A Coruña foi posmoderna*.

Entran no dossier, ademais, o audio da entrevista que Ana Romaní lle fixo a Lois Pereiro en 1997 sobre *Poesía última de amor e enfermidade* e unha serie relativamente ampla de documentos audiovisuais que dan testemuño de distintos eventos realizados en torno á conmemoración. Nesa serie inclúense reportaxes sobre as intervencións de Anxo Angueira e Manuel Forcadela no *Vento Lois* de Vigo, a conferencia pronunciada por Lino Braxe no Ateneo de Santiago, o acto da Real Academia Galega celebrado en Monforte de Lemos, a homenaxe organizada no antigo Cárcere Provincial da Coruña, o concerto tributo a Pereiro que tivo lugar na Sala Nasa de Santiago de Compostela, así como o roiteiro do *Vento Lois* organizado no Incio. Finalmente, recupérase a entrevista concedida por Lois Pereiro en 1988 ao programa *Corazonada*, da Televisión de Galicia.

Equipo do proxecto *poesiagalega.org*.  
Compostela, 3 de outubro, 2011